



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Traballo Fin de Grao		Código	662G01037
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónEmpresaHumanidadesLetrasSocioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Moss , Sarah LouiseMoss , Sarah	Correo electrónico	sarah.moss@udc.essarah.moss@udc.es	
Profesorado	Caamaño Franco, Iria Crecente Maseda, Mario de Carreño de Vicente, Mercedes Fernández Fernández, Javier Luis Lezcano González, Mª Elvira Martín Cancela, Elena Martínez Fernández, Paulino Moss , Sarah Louise Pérez García, Antonia Ramos Montes, Oscar Rodrigues Soares, Jakson Renner Rodríguez Carro, Carlos Rodríguez Pallas, Angel	Correo electrónico	iria.caamano@udc.es mario.crecente@udc.es m.decarreno@udc.es javier.fernandez4@udc.es m.lezcano@udc.es elena.martin@udc.es paulino.martinez@udc.es sarah.moss@udc.es antonia.perezg@udc.es oscar.ramos@udc.es jakson.soares@udc.gal carlos.rodriguez3@udc.es angel.rodriguez.pallas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O TFG supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión dun ou máis directores académicos. Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se modifican os contidos. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican As exposicións e defensas pasan a ser virtuais a través da plataforma de teams. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado A titorización realízase a través da plataforma de teams eo enderezo electrónico. 4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía			



Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	Comprender os principios do turismo: a súa dimensión espacial, social, cultural, política, laboral e económica.
A2	Analizar a dimensión económica do turismo.
A3	Comprender o carácter dinámico e evolutivo do turismo e da nova sociedade do lecer.
A4	Coñecer as principais estruturas político-administrativas turísticas.
A5	Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A7	Recoñecer os principais axentes turísticos.
A8	Avaliar os potenciais turísticos e a análise prospectivo da súa explotación.
A9	Analizar, sintetizar e resumir criticamente a información económico-patrimonial das organizacións turísticas.
A10	Xestionar os recursos financeiros.
A11	Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.
A12	Dirixir e xestionar (management) os distintos tipos de entidades turísticas.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A14	Comprender o marco legal que regula as actividades turísticas.
A15	Traballar en inglés como lingua estranxeira.
A16	Comunicarse de forma oral e escrita nunha segunda lingua estranxeira.
A17	Comunicarse de forma oral e escrita nunha terceira lingua estranxeira.
A18	Identificar e xestionar espazos e destinos turísticos.
A19	Xestionar o territorio turístico de acordo cos principios de sustentabilidade.
A20	Coñecer o procedemento operativo do ámbito de aloxamento.
A21	Coñecer o procedemento operativo do ámbito de restauración.
A22	Coñecementos a adquirir no ámbito dos procedementos operativos das empresas de intermediación.
A23	Analizar os impactos xerados polo turismo.
A24	Utilizar e analizar as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nos distintos ámbitos do sector turístico.
A25	Comprender un plan público e as oportunidades que se derivan para o sector privado.
A26	Planificar e xestionar os recursos humanos das organizacións turísticas.
A27	Comprender o funcionamento dos destinos, estruturas turísticas e os seus sectores empresariais no ámbito mundial.
A28	Coñecer os obxectivos, a estratexia e os instrumentos públicos da planificación.
A29	Traballar en medios socioculturais diferentes.
A30	Coñecer as principais iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural.
A31	Comprender as características da xestión do patrimonio cultural.
A32	Detectar necesidades de planificación técnica de infraestruturas e instalacións turísticas.
A33	Creatividade.
A34	Iniciativa e espírito emprendedor.
A35	Motivación por calidade.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título		
O Traballo Fin de Grao debe estar orientado á avaliación das competencias asociadas ao título, tanto as específicas, transversais como as nucleares, xa que se entende que o alumno debe saber e ser capaz de aplicar as devanditas competencias adquiridas durante a carreira.		A1	B1	C1
		A2	B2	C2
		A3	B3	C3
		A4	B4	C4
		A5	B5	C5
		A6	B6	C6
		A7	B7	C7
		A8		C8
		A9		
		A10		
		A11		
		A12		
		A13		
		A14		
		A15		
		A16		
		A17		
		A18		
		A19		
		A20		
		A21		
		A22		
		A23		
		A24		
		A25		
		A26		
		A27		
		A28		
		A29		
		A30		
		A31		
		A32		
		A33		
		A34		
		A35		

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Regulamento do Traballo Fin de Grao da Facultade de Filoloxía</p> <p>Aprobado pola Xunta de Facultade de 26 de febreiro de 2014 e modificado pola Xunta de Facultade de 20 de outubro de 2017 e de 30 de maio de 2018.</p>	<p>1. Obxecto e ámbito de aplicación</p> <p>1.1. Este regulamento contén as directrices relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos traballos de fin de grao dos planos de estudo dos graos da Facultade de Filoloxía, de acordo coas Directrices para a elaboración de regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC, aprobadas polo Consello de Goberno de 22 de xullo de 2011, e de acordo coa Normativa reguladora da matrícula e defensa do Traballo Fin de Grao (TFG) e do Traballo Fin de Mestrado (TFM), aprobada polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2013 e modificada polo Consello de Goberno nas súas sesións de 30 de abril e 24 de xullo de 2014, 29 de xaneiro de 2015, 28 de xuño de 2016 e 29 de xuño de 2017.</p> <p>1.2. Este regulamento debe interpretarse no marco das regulamentacións e procedementos da Universidade da Coruña que se atoparen en vigor e que se referiren, entre outros aspectos, ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos, así como á mobilidade de estudantes.</p> <p>1.3. A comisión do centro competente na xestión dos traballos de fin de grao é a Comisión de Organización Académica, delegada da Xunta de Facultade.</p>
---	--



2. Natureza e características do Traballo Fin de Grao

2.1. O Traballo Fin de Grao (TFG) supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, dunha memoria ou dun estudo concreto baixo a supervisión de un ou máis directores. Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.

2.2. O Traballo Fin de Grao deberá estar orientado á aplicación das competencias xerais asociadas ao Título, en concreto, a capacitar para a busca, xestión, organización e interpretación de datos nos estudos lingüísticos e literarios co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes deste ámbito de estudos, e a facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

2.3. Para formalizar a matrícula do Traballo Fin de Grao, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do Grao. Igualmente, as/os estudantes que participen en programas de mobilidade ou duplas titulacións poderán matricularse do TFG mentres realizan o programa de mobilidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.

2.4. O Traballo Fin de Grao só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se tiver constancia de que a/o estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do Título de Grao, agás os correspondentes ao TFG, isto é, unha vez superados os 234 créditos restantes, segundo se establece nas memorias de verificación dos graos da Facultade de Filoloxía.

No caso dos programas de mobilidade ou de dupla titulación estarase ao previsto regulamentariamente. Nos programas de simultaneidade estarase ao establecido na normativa específica de cada programa.

2.5. O Traballo Fin de Grao non ten a natureza dun traballo investigador. Con todo, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá a quen o realizar segundo queda recollido no apartado h) do artigo 8 do RD 1791/2010 de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.

2.6. O tema de que for obxecto o Traballo Fin de Grao, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, deberá posibilitar que a/o estudante o realice nas 150 horas equivalentes aos 6 créditos ECTS asignados ao traballo no plan de estudos. A Facultade de Filoloxía velará a través dos mecanismos de coordinación existentes no grao e da Comisión de Organización Académica por que isto se cumpra e, en consecuencia, poidan alcanzarse as taxas de eficiencia, éxito e graduación a que fai referencia a memoria do grao.

3. Dirección académica do Traballo Fin de Grao

3.1. O Traballo Fin de Grao será dirixido por un membro do profesorado con docencia no Título de grao. Tal profesor/a será responsable de

- a) expoñer ao estudiantado as características do traballo e orientalo no seu desenvolvemento;
- b) realizar un seguimento da elaboración do traballo e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados;
- c) autorizar a presentación e defensa do TFG;
- d) valorar o traballo consonte ao establecido no art. 7.

3.2. O Traballo Fin de Grao poderá ser dirixido por máis de unha persoa. Nese caso, cando menos, unha delas deberá ser un membro do profesorado con docencia no Título de grao en que estiver matriculado a/o estudante.



4. Oferta de temas dos traballos fin de grao e asignación de direccións

4.1. Os temas ou as liñas dos Traballos Fin de Grao e as/os directoras/es correspondentes proporanse de xeito razoado. Tal proposta será remitida á dirección do centro desde os departamentos a que este lles fixer o encargo dos TFG até o 30 de xullo. As/os estudantes poderán proporlles aos departamentos temas ou liñas para que sexan incorporados na súa oferta.

4.2. A Comisión de Organización Académica aprobará e fará pública a listaxe cos temas, cos directores ou directoras e co número de estudantes asignados a cada tema e co/a director/a antes do 30 de setembro.

4.3. O estudantado solicitará a asignación por orde de preferencia dun número mínimo de dez temas e/ou directoras/os coa data límite de 15 de outubro no modelo de impreso que figura como Anexo I deste regulamento. A Comisión de Organización Académica preparará unha proposta de asignación provisional, que incluírá o prazo de reclamacións. Para dirimir as prioridades na elección de tema e/ou de director/a utilizarase como criterio a cualificación media do expediente académico da/o estudante. Se se esgotasen as liñas escollidas pola/o estudante, a comisión anunciará un novo prazo para escoller entre as liñas con vacantes.

4.4. Unha vez resoltas as reclamacións, se as houber, a Comisión de Organización Académica publicará a listaxe definitiva coa data límite de 30 de outubro. Calquera modificación posterior deberá ser aprobada pola Comisión de Organización Académica.

5. Tribunais de avaliación

5.1. A Comisión de Organización Académica nomeará os tribunais e establecerá as condicións xerais para a realización da defensa dos traballos.

5.2. Os tribunais estarán formados por tres persoas e os correspondentes suplentes. Todas elas deberán ser membros do profesorado do centro que imparte o Título de grao. A directora ou director do Traballo Fin de Grao non poderá formar parte do tribunal que o avalíe.

5.3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza como secretaria. O de maior categoría docente e antigüidade actuará como presidente e o de menor como secretaria/o. Ambos exercerán como tales en todas as actuacións do tribunal.

5.4. Unha vez constituídos, os tribunais de avaliación establecerán, dentro do marco establecido pola Comisión de Organización Académica, o día, a hora e o lugar de realización das defensas dos traballos de fin de grao e a orde de exposición dos estudantes (Anexo II). Esta información farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web da Facultade.



6. Presentación e defensa dos traballos fin de grao

6.1. Con antelación á data de entrega establecida:

- a) O/a director/a do traballo deberá realizar un informe sobre o TFG a través da Secretaría Virtual do PDI.
- b) Unha vez incorporado ese informe ao sistema de xestión, a/o estudante terá de solicitar a inscrición e defensa a través da Secretaría Virtual, cumprimentar axeitadamente o formulario electrónico requirido e anexar o TFG como PDF seguindo as Normas para presentación dos traballos en versión dixital.
- c) A/o estudante deberá imprimir a solicitude de defensa, que será entregada na Administración do centro xunto co TFG.

6.2. A/o estudante entregará na Administración da Facultade, e no prazo que se fará público para estes efectos, o seguinte:

- Tres exemplares da versión escrita do traballo (co visto e prace da dirección)
- Versión electrónica do traballo (de acordo coas Normas para a presentación dos traballos fin de grao en versión dixital), que deberá coincidir necesariamente coa versión subida á Secretaría Virtual.
- Solicitude de defensa e de avaliación (v. 6.1.c)

Rematado o prazo de presentación, a Administración da Facultade entregará a documentación que proceda á/ao secretaria/o do tribunal de avaliación, quen fará chegar unha copia do traballo a cada membro do tribunal.

Os traballos axustaranse ao establecido nas guías docentes e ás instrucións relativas á presentación que figuran como Anexo III deste regulamento.

6.3. O estudantado defenderá os seus traballos de fin de grao pública e presencialmente.

6.4. A realización, presentación e defensa dos traballos de fin de grao poderán efectuarse en calquera dos idiomas empregados na impartición do grao, de acordo co disposto na memoria de verificación do Título.

6.5. Cada estudante disporá dun tempo máximo de 15 minutos en que deberá expoñer os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu traballo.

Con

posterioridade, terá que atender as preguntas, as aclaracións, os comentarios e as suxestións que lle puideren formular os membros do tribunal de avaliación.

6.6. Dentro das súas posibilidades, a Facultade facilitará os medios técnicos para a presentación do traballo.



7. Avaliación e cualificación

7.1. Para a avaliación, aplicaranse os criterios establecidos na guía docente e o disposto na memoria de verificación do Título.

- a) O/a director/a do traballo valorarao mediante o Anexo IV. Este documento será entregado na Administración do centro antes do fin do prazo de presentación de traballos establecido para cada oportunidade.
- b) O tribunal valorará a exposición pública do traballo mediante a rúbrica establecida no Anexo V.
- c) O tribunal emitirá a cualificación final, que será o resultado da media ponderada da valoración do tribunal (30%) e da proposta de dirección do traballo (70%). Empregarase o Anexo VI, que será entregado na administración do centro. En caso de codirección, terase en conta a media da cualificación outorgada polas/os directoras/es.

7.2. A cualificación final outorgarase en función da seguinte escala numérica establecida no Real Decreto 1125/2003, de 0 a 10, con expresión dun decimal (de ser necesario o redondeo, farase cara arriba), á cal terá que se lle engadir a correspondente cualificación cualitativa:

- a) 0-4,9: suspenso
- b) 5,0-6,9: aprobado
- c) 7,0-8,9: notable
- d) 9,0-10: sobresaliente

7.3. Poderá acceder á mención de matrícula de honra o estudiantado que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, segundo o criterio do tribunal avaliador.

7.4. No caso de a/o estudante obter a cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe coas recomendacións oportunas para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación. Enviarase unha copia deste informe á(s) persoa(s) que dirixiron o Traballo Fin de Grao.

7.5. A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos traballos fin de grao levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da Universidade da Coruña.



	<p>8. Matrícula, calendario académico e actas</p> <p>8.1. A matrícula dos traballos fin de grao realizarase dentro do prazo xeral de matrícula establecido pola universidade, ou no período de ampliación da matrícula se a/o alumna/o reúne os requisitos para poder realizar esta modalidade de matrícula, mediante o aboamento dos prezos públicos que corresponderen.</p> <p>8.2. O Traballo Fin de Grao dos graos da Facultade de Filoloxía está asignado no plan de estudos ao segundo cuadrimestre. Se o alumnado se matrícula no período de ampliación da matrícula, no mes de febreiro, os procedementos establecidos nas epígrafes 4.1., 4.2., 4.3. e 4.4. deberán estar finalizados o 30 de marzo. Para máis información sobre o calendario, consúltese o Anexo VII deste regulamento.</p> <p>8.3. Para a súa defensa e avaliación, a/o estudante disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades en cada curso académico. Sempre que a/o estudante non teña pendente máis que a superación do TFG para rematar os seus estudos de Grao, poderá matricularse para defendelo no período establecido para a primeira oportunidade das probas de avaliación das materias do primeiro cuadrimestre. No caso de non superar esta defensa, poderá utilizar como segunda oportunidade tan só unha das oportunidades ordinarias dese mesmo curso académico.</p> <p>8.4. A Facultade, atendendo a criterios de programación docente, establecerá a realización das defensas dos traballos fin de grao dentro dos prazos marcados no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.</p> <p>8.5. O peche e entrega das actas de avaliación dos traballos fin de grao aterase ao previsto no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.</p>
<p>Consultar os anexos na páxina web: https://www.udc.es/export/sites/udc/filo/_galeria_down/TFG/normativa/Regulamento_TFG.pdf_2063069294.pdf</p>	<p>9. Consulta e publicación dos traballos fin de grao</p> <p>9.1. A Comisión de Organización Académica dará o visto e prace aos traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da Universidade da Coruña (RUC) e fará unha selección dos traballos por titulación. Para isto, terá en conta a opinión emitida polos correspondentes tribunais. A administración do centro enviará unha copia en formato electrónico ao Servizo de Biblioteca de todos os traballos seleccionados para a súa publicación no repositorio institucional.</p> <p>Disposición adicional. Esta normativa será de aplicación a partir do curso académico 2018/2019.</p> <p>Anexo I. Solicitude de asignación de liña de traballo e director/a</p> <p>Anexo II. Acta de acordos do tribunal e listaxe das datas e horas de exposicións</p> <p>Anexo III. Instrucións para a presentación dos traballos</p> <p>Anexo IV. Proposta de valoración da dirección do traballo</p> <p>Anexo V. Informe de valoración do tribunal</p> <p>Anexo VI. Cualificacións finais dos TFG</p> <p>Anexo VII. Calendarios</p>

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
-----------------------	--------------	-------------------	---	--------------



Actividades iniciais	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33 A34 A35 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1	0	1
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33 A34 A35 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	138	138
Presentación oral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33 A34 A35 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	1	0	1
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Reunións co/ a titor/a nas que se especifican os aspectos necesarios para o correcto desenvolvemento do Traballo Fin de Grao e para planificar un calendario para o seu desenvolvemento.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do/a titor/a asignado/a e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do "como facer as cousas". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo/a titor/a.



Presentación oral	<p>A defensa do TFG será pública e presencial. Consistirá na exposición oral dos aspectos máis relevantes do traballo realizado, durante un período de tempo non superior a 15 minutos, podendo axudarse dos medios informáticos e audiovisuais que estime pertinente.</p> <p>A exposición oral ante o Tribunal correspondente, será na lingua en que estivese redactado o traballo. Finalizada esta, deberá atender ás cuestións, aclaracións, comentarios e suxestións que puidesen formularlle os membros do Tribunal.</p>
-------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>A atención personalizada ten como finalidade orientar aos estudantes no desenvolvemento e planificación do traballo, para iso é importante consultar co/a titor/a os avances que se vaian realizando progresivamente.</p> <p>O seguimento farase preferentemente de forma individual, ben de xeito presencial, a través de correo electrónico ou mediante outro medio de comunicación acordado entre titor/a e tutorando/a.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33 A34 A35 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	A avaliación da exposición e defensa oral do traballo realizaranse polos membros do tribunal.	30
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A26 A27 A28 A29 A30 A31 A32 A33 A34 A35 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	A avaliación do traballo escrito realizarase polo/a titor/a.	70

Observacións avaliación



7. Avaliación e cualificación

7.1. Para a avaliación, aplicaranse os criterios establecidos na guía docente e o disposto na memoria de verificación do Título.

a) O/a director/a do traballo valorarao mediante o Anexo IV. Este documento será entregado na Administración do centro antes do fin do prazo de presentación de traballos establecido para cada oportunidade.

b) O tribunal valorará a exposición pública do traballo mediante a rúbrica establecida no Anexo V.

c) O tribunal emitirá a cualificación final, que será o resultado da media ponderada da valoración do tribunal (30%) e da proposta de dirección do traballo (70%). Empregarase o Anexo VI, que será entregado na administración do centro. En caso de codirección, terase en conta a media da cualificación outorgada polas/os directoras/es.

7.2. A cualificación final outorgarase en función da seguinte escala numérica establecida no Real Decreto 1125/2003, de 0 a 10, con expresión dun decimal (de ser necesario o redondeo, farase cara arriba), á cal terá que se lle engadir a correspondente cualificación cualitativa: a) 0-4,9: suspenso b) 5,0-6,9: aprobado c) 7,0-8,9: notabled) 9,0-10: sobresaliente

7.3. Poderá acceder á mención de matrícula de honra o estudantado que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, segundo o criterio do tribunal avaliador.

7.4. No caso de a/o estudante obter a cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe coas recomendacións oportunas para a mellora do traballo e asúa posterior avaliación. Enviarase unha copia deste informe á(s) persoa(s) que dirixiron o Traballo Fin de Grao.

7.5. A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos traballos fin de grao levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da Universidade da Coruña.

Fontes de información

Bibliografía básica	As pertinentes en cada traballo. As pertinentes en cada traballo.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

NORMATIVA REGULADORA DA MATRÍCULA E A DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO (TFG) E DO TRABALLO FIN DE MESTRADO UNIVERSITARIO

(TFM) https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/matricula_defensa_fin_grao.pdf_2063069294.pdf

2.3. Para formalizar a matrícula do Traballo Fin de Grao, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do Grao. Igualmente, as/os estudantes que participen en programas de mobilidade ou duplas titulacións poderán matricularse do TFG mentres realizan o programa de mobilidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.

2.4. O Traballo Fin de Grao só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se tiver constancia de que a/o estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do Título de Grao, agás os correspondentes ao TFG, isto é, unha vez superados os 234 créditos restantes, segundo se establece nas memorias de verificación dos graos da Facultade de Filoloxía. No caso dos programas de mobilidade ou de dupla titulación estarase ao previsto regulamentariamente. Nos programas de simultaneidade estarase ao establecido na normativa específica de cada programa.

2.5. O Traballo Fin de Grao non ten a natureza dun traballo investigador. Con todo, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá a quen o realizar segundo queda recollido no apartado h) do artigo 8 do RD 1791/2010 de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.

2.6. O tema de que for obxecto o Traballo Fin de Grao, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, deberá posibilitar que a/o estudante o realice nas 150 horas equivalentes aos 6 créditos ECTS asignados ao traballo no plan de estudos. A Facultade de Filoloxía velará a través dos mecanismos de coordinación existentes no grao e da Comisión de Organización Académica por que isto se cumpra e, en consecuencia, poidan alcanzarse as taxas de eficiencia, éxito e graduación a que fai referencia a memoria do grao.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías